

A CIG-Ensino reclama melloras na Educación Primaria

Así o fixo aproveitando a negociación do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria

Antes de comezar a falar do decreto non podemos deixar de facer notar que só tivemos unha semana desde que recibimos o texto até a data de hoxe, día no que se celebra a mesa, imaxinamos que houbo cambios de moito calado entre o borrador que xa presumía a Consellaría de ter preparado e o que se nos enviou o mércores 20 de abril.

Outra oportunidade perdida no impulso na normalización

Todos os estudos sobre a lingua galega nos centros educativos constatan que durante a escolarización se perden galego falantes, e a Consellaría volve perder unha oportunidade de pórlle solución, xa no documento de bases para un novo plan de normalización do galego no ensino presentadas o 23 de xuño do 2020, solicitabamos que o **galego sexa a lingua vehicular e de aprendizaxe de todo o sistema educativo** no máximo que estableza o marco legal. Cun modelo transitorio para os centros de contornas castelán falantes.

A propia Consellaría reconece na introdución do currículo de lingua galega que a nosa lingua é unha lingua minorizada, pero non adopta ningunha medida para potenciala.

A Consellaría incluso esquece explicitar no perfil de saída do alumnado que a competencia lingüística ten que ser nas dúas linguas oficiais.

Menores ratios e horario.

Recuperar o horario de 21 horas lectivas así como baixar a ratio do alumnado é fundamental para poder levar a cabo un ensino inclusivo e de calidade, tendo en conta a diversidade do noso



alumnado, aplicando unha aprendizaxe por competencias; non é traballar menos, é traballar en mellores condicións. **Precisamos máis tempo para preparar aulas e coordinarnos e reducir o número de alumnado que atendemos.**

Demandamos a dotación de departamentos de Orientación e reforzo do profesorado de PT e AL

No anteproxecto, concretamente no **artigo 16. Principios Pedagóxicos**, fálase de garantir a inclusión educativa, da atención personalizada, da prevención das dificultades de aprendizaxe... e remata “posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas

metodolóxicas ou outras medidas adecuadas **tan pronto como se detecte calquera destas situacións**". Tamén no **artigo 20. Atención á diversidade** volve falar da importancia da detección precoz.

Para facer isto efectivo, é preciso unha maior **dotación de departamentos de orientación, computando as aulas de infantil** e dotando a todos os centros do profesorado de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica necesarios. Por non repetir a nosa histórica reclamación de aumentar o persoal das equipas de orientación específica, incluso o número de equipas.

Tamén chama a nosa atención que, sendo o **Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)** un alicerce da nova normativa educativa para o tratamento da diversidade, apareza unha única vez nos principios xerais e non se volva falar del. Se realmente o DUA fose un principio xeral, que sentido ten o artigo 17 de elementos transversais nun currículo competencial?

De igual forma ten difícil enganche neste tipo de ensino a **disposición adicional cuarta**, tarefas extraescolares, por non falar da obstinación en manter o termo esforzo nun ensino primario.

Concreción curricular.

A Consellaría adianta, no **artigo 15.4**, que a concreción curricular que terán que facer os centros será mediante unha aplicación web -ao estilo da elaborada para a formación profesional- na que están a traballar.

Desde a CIG-Ensino esperamos, como xa dixemos na mesa do currículo de infantil, que esta sexa mellor que a feita para a formación profesional, xa que non temos máis que queixas do profesorado, entre outras cousas, pola súa pouca flexibilidade e autonomía.

Libre configuración nos centros.

A administración é coñecedora de que hai centros educativos que teñen construídos proxectos usando a hora de libre configuración que regulaba o anterior decreto, xa sexa impartindo unha segunda lingua (francés e en menor medida portugués) ou realizando outro tipo de proxectos. Entendemos que para os segundos non habería

ningún tipo de problema, xa que estarían recollidos nese horario fantasma que recolle o artigo 16, pero que pasará cos centros que imparten esa segunda lingua? [A administración afirma que non se pode dar currículo nos proxectos significativos.](#)

Propostas concretas ao articulado

🗨 Nos **obxectivos xerais de etapa** incluíríamos un novo apartado: Coñecer e valorar a identidade propia de Galiza, a nosa lingua e cultura. Recordamos que no decreto anterior xa existía o seguinte obxectivo xeral: *Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.*

🗨 No **artigo 12** fala da posibilidade de agrupacións das áreas en ámbitos, coincidimos, pero esperamos que non quede no enésimo brinde ao sol da Consellaría e se lle dea aos centros a autonomía necesaria e se doten do persoal suficiente para realizalo de forma correcta. **Entendemos que haberá unha posterior normativa que regule esta posibilidade.**

🗨 No **artigo 13**, cando fala da autonomía dos centros, dálles a posibilidade de ampliación do calendario escolar. Negámonos por completo a esta posibilidade, aínda que xa sabemos que está recollida no Real Decreto 157/2022, no artigo 21.

🗨 No **artigo 15**. Programacións didácticas. Entendemos que hai que cambiar a redacción do apartado c, eliminar o concepto "unidades didácticas" e incluír, por exemplo, "proposta de traballo e temporalización". Co termo unidades didácticas dificultamos o traballo por proxectos.

🗨 No **artigo 16**. Principios pedagóxicos. Engadiríamos este:

6. Prestarase especial atención ao principio de igualdade poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.

Este principio vén recollido no artigo 24 da Lei orgánica 3/2007 de 22 de marzo para a igualdade efectiva entre mulleres e homes e tamén o artigo 6 da Lei orgánica 1/2004 do 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero di que *“co fin de garantir a efectiva igualdade de homes e mulleres, as Administracións educativas velarán para que en todos os materiais educativos se eliminen os estereotipos sexistas ou discriminatorios e para que fomenten o igual valor de homes e mulleres”*.

No **punto 4 deste mesmo artigo 16** obrígase ao profesorado a adicar parte do horario lectivo á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, contraditorio co feito de non mencionar os mesmos no **artigo 14** sobre a concreción curricular no que se menciona todo o que esta inclúe, sen referirse a estes proxectos con horario lectivo asignado por decreto. Estando establecido de forma inflexible o horario lectivo de cada área no anexo III, a Consellería debe aclarar de onde sairá o horario lectivo destes proxectos significativos que, por outra banda, consideramos necesarios.

No punto 5 é vergoñento que sexa a propia administración que ten que garantir o dereito á educación quen abra a porta á participación voluntaria nun decreto para levar a cabo tarefas da súa responsabilidade.

Non é necesario nin positivo que nun decreto de currículo se fale de voluntariado para as tarefas docentes. É un recurso que xa coñece o profesorado e fai uso del cando o considera oportuno pero que mencionado nun decreto só evidencia carencias no ensino público provocadas pola propia consellería.

🗣️ **No artigo 17. Elementos transversais** fálase de iniciativa empresarial; non o vemos acaído na educación primaria. Tamén nos gustaría que se cambiara o termo competencia emprendedora por competencia en autonomía e pensamento crítico, xa que o termo emprendedor está totalmente ligado ao mundo empresarial. Xa

non repetimos que os elementos transversais nun ensino por competencias renxen bastante.

🗣️ Sabemos que pode ser por cuestións da redacción, pero entendemos que a coordinación entre as diferentes etapas non se debe favorecer, como di o **artigo 18**, é necesaria e débese facer.

🗣️ No **artigo 19** botamos en falta que se concrete que as persoas titoras permaneceran, se continúan no centro, durante cada ciclo na mesma titoría, e que non poden “promocionar” de ciclo co mesmo alumnado. [Van analízalo](#). No **apartado 5** do mesmo artigo entendemos que a función do persoal titor será colaborar coa orientación, que será quen coordine.

🗣️ No **artigo 20.4, na identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**, dise que a Consellería con competencias en materia de educación regulará os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir entre as familias e o centro, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo. **Gustaríanos saber a que procedementos se refiren e en que norma está previsto regularlos.**

🗣️ No **artigo 20.7** chámanos moito a atención que a obrigatoriedade que marca o RD 157/2022 de dar unha atención específica ao alumnado que se incorpore con carencias nas linguas oficiais se converta nunha posibilidade: “poderán recibir”.

🗣️ No **artigo 21.3** ao falar das medidas de reforzo educativo dise textualmente que “estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo”. Como pensa a Consellaría facer iso cos ratios actuais, sen ter orientación en todos os centros educativos e cos Equipos de Orientación Específicos totalmente desbordados? Chámanos a atención, neste mesmo artigo, a aparición dos **indicadores de**

logro, que non atopamos por ningún lado no RD. E para rematar con este artigo entendemos que hai un erro grave de redacción ao entenderse que **só haberá unha reunión de avaliación por curso**, ou é que desaparecen a primeira e a segunda avaliación? [Confirman que se manteñen as tres avaliacións e que serán nas posteriores ordes ou instrucións onde se indique.](#)

En relación con este artigo queremos entender que a Consellaría da total autonomía aos centros á hora de realizar os **informes finais de ciclo**, xa que nin neste artigo nin no título III se di nada dos citados informes. [Será en posteriores ordes ou instrucións onde se normativicen.](#)

Artigo 27.1 “As actas de avaliación estenderanse para cada un dos cursos e pecharanse ao termo do período lectivo”. Até o de agora había actas de avaliación do primeiro e segundo trimestre que son documentos que saen do XADE. Se fose así, esta redacción no decreto reforza a idea de que desaparecen dúas avaliacións. [Haberá tres sesións de avaliación.](#)

Artigo 27.2. Estamos totalmente en desacordo co mantemento das cualificacións numéricas. Isto só ten un senso, e non é outro que trasladar á ensinanza as loitas partidistas entre os gobernos do noso País e do Estado.

Título IV. Engadir un plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos.

Artigo 34. Na educación dixital do noso alumnado esperamos que a Consellaría se faga eco e corrixa as numerosas críticas trasladadas tanto polo profesorado como pola CIG-Ensino

nesta mesma mesa sectorial. Os plans non poden ser só cargar de burocracia ao profesorado.

No RD aparece que durante o curso 22/23 os estándares de aprendizaxe terán un carácter orientativo nos cursos de segundo, cuarto e sexto, e aquí desaparecen.

Defendemos un ensino laico en todas as etapas. Sabendo das limitación legais, reiteramos a nosa postura totalmente contraria a que a ensinanza da relixión forme parte do currículo de educación primaria.

Fíxase por primeira vez no decreto de currículo o número de días lectivos (Disposición adicional quinta), o que consideramos innecesario, mais de aparecer propoñemos que sexan días máximos.

A administración non da resposta a moitos dos temas, en xeral respostan que uns van ser analizados e outros non corresponden, segundo eles, a este decreto.

Para a CIG-Ensino todos os temas formulados nesta mesa son cuestións ás que administración ten que dar resposta, sexa neste decreto ou sexa dotando aos centros de recursos persoais ou materiais.

É imposíbel facer moitas das tarefas que se indican no decreto sen baixar as ratios e reducir horario lectivo.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal